Facultade de Bioloxía

Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V02M074V01101	Enxeñaría Xenética e Transxénese	1c	4.5
V02M074V01102	Enxeñaría Celular e Tisular	1c	3
V02M074V01103	Xenómica e Proteómica	1c	4.5
V02M074V01104	Bioinformática	1c	3
V02M074V01105	Biotecnoloxía Industrial	1c	6
V02M074V01106	Procesos e Produtos Biotecnolóxicos	1c	3
V02M074V01107	Técnicas de Aplicación en Biotecnoloxía	1c	6
V02M074V01201	Organización e Xestión: Xestión Empresarial e Xestión Eficaz do Laboratorio	2c	4.5
V02M074V01202	Auditoría de Empresas Biotecnolóxicas	2c	4.5
V02M074V01203	Aspectos Legais e Éticos en Biotecnoloxía	2c	3
V02M074V01204	Biotecnoloxía Alimentaria	2c	3
V02M074V01205	Análise de Alimentos, Seguridade Alimentaria e Trazabilidade	2c	3
V02M074V01206	Biotecnoloxía Animal	2c	3
V02M074V01207	Biotecnoloxía Aplicada ao Desenvolvemento Sostible	2c	3
V02M074V01208	Contaminación Ambiental	2c	3
V02M074V01209	Tecnoloxía Ambiental e Xestión da Auga	2c	3
V02M074V01210	Tecnoloxía Ambiental e Xestión do Solo e Aire	2c	3
V02M074V01211	Prevención, Xestión e Auditorías Ambientais	2c	3
V02M074V01212	Diagnóstico e Terapia Molecular	2c	3
V02M074V01213	Reprodución Asistida	2c	3
V02M074V01214	Deseño e Produción de Vacinas e Fármacos	2c	3
V02M074V01215	Deseño de Novos Fármacos Específicos (Farmacoloxía e Farmacoxenómica)	2c	3
V02M074V01216	Ferramentas Biotecnolóxicas para Análise Forense	2c	3
V02M074V01217	Biotecnoloxía Vexetal	2c	3

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V02M074V01301	Traballo Fin de Máster	1c	12
V02M074V01302	Prácticas Externas	1c	18

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Enxeñaría Xenética e Transxénese				
Materia	Enxeñaría Xenética e Transxénese			
Código	V02M074V01101			
Titulacion	Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde Bioquímica, xenética e inmunoloxía Dpto. Externo			
Coordinador/a	de Carlos Villamarín, Alejandro Leonides Rodríguez Belmonte, María Esther			
Profesorado	de Carlos Villamarín, Alejandro Leonides Rodríguez Belmonte, María Esther Sieiro Vázquez, Carmen			
Correo-e	belmonte@udc.es adcarlos@uvigo.es			
Web	http://http://masterbiotecnologiaavanzada.com/index.php/plan-docente/materias			
Descrición xeral	Esta materia pretende dar unha cobertura ampla pero concisa ás técnicas de DNA recombinante. Está pensada para Licenciados, graduados, investigadores doutros ámbitos que desexan introducirse nestes procedementos e profesionais do sector biotecnológico. A materia comeza cunha introdución dos principios bioquímicos básicos nos que se fundamenta esta tecnoloxía. Descríbense a continuación a reacción en cadea da polimerasa e a clonación molecular utilizando á bacteria E. coli como hospedador e describindo os seus plásmidos, fagos e vectores híbridos asociados. Seguidamente abórdase a construción e rastrexo de genotecas e como modificar, inactivar ou expresar secuencias clonadas. Finalmente, discútese a manipulación xenética noutros organismos incluíndo outras bacterias, fungos, algas e plantas, insectos e mamíferos. Ademais, realízanse unhas sesións prácticas nas que levan a cabo distintos procedementos de clonación e expresión de xenes que permiten aos alumnos contrastar os seus coñecementos e ser avaliados de maneira máis completa.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE1	CEC1.- Saber buscar e analizar a biodiversidade de microorganismos, plantas e animais, así como seleccionar os de maior interese biotecnolóxica (aplicada).	- saber
CE2	CEC2.- Ter unha visión integrada do metabolismo e do control da expresión xénica para poder abordar a súa manipulación.	- saber
CE3	CEC3.- Coñecer as aplicacións biotecnolóxicas dos microorganismos, plantas e animais e saber manipulalos de cara á súa aplicación biotecnolóxica.	- saber - saber facer
CE4	CEC4.- Coñecer e saber usar as técnicas de cultivo e a enxeñaría celular.	- saber - saber facer
CE5	CEC5.- Coñecer os principios da xenómica e a proteómica.	- saber
CT1	CGI1.- Capacidade de análise e síntese (localización de problemas e identificación das causas e a súa tipoloxía).	- saber facer
CT2	CGI2.- Capacidade de organización e planificación de todos os recursos (humanos, materiais, información e infraestruturas).	- saber facer
CT3	CGI3.- Capacidade de xestión da información (con apoio das tecnoloxías da información e as comunicacións).	- saber facer
CT4	CGI4.- Capacidade de planificación e elaboración de estudos técnicos en biotecnoloxía microbiana, vexetal e animal.	- saber facer
CT5	CGI5.- Capacidade para identificar problemas, buscar solucións e aplicalas nun contexto biotecnolóxico profesional ou de investigación.	- saber facer
CT10	CGIP2.- Capacidade de traballo nun contexto de sustentabilidade, caracterizado por: sensibilidade polo medio ambiente e polos diferentes organismos que o integran, así como concienciación polo desenvolvemento sostible.	- saber facer

CT11	CGIP3.- Razoamento crítico e respecto profundo pola ética e a integridade intelectual.	- saber facer
CT13	CGS2.- Aprendizaxe autónoma.	- saber facer
CT15	CGS4.- Sensibilización cara á calidade, o respecto ambiental, o consumo responsable de recursos e a recuperación de residuos.	- saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Entender o interese, as vantaxes e a necesidade de traballar en equipos multidisciplinais, organizando e planificando adecuadamente os recursos, dentro do ámbito biotecnolóxico e promover dito traballo.	CT2
Promover, dentro da industria biotecnolóxica, o traballo respetuoso co medio ambiente e cos organismos que o integran.	CT10 CT11
Promover a capacidade de aprendizaxe autónoma, de liderazgo, a adaptación a novas situacións, así como a sensibilidade pola calidade e o respecto polo medio ambiente no ámbito da Biotecnoloxía.	CT13 CT15
Promover a capacidade de xestión da información relacionada coa Biotecnoloxía e a transmisión e comunicación eficaz da mesma.	CT1 CT3
Promover a capacidade para identificar problemas e buscar solucións así como para planificar e elaborar estudios técnicos dentro do ámbito da Biotecnoloxía.	CT4 CT5
Coñecer o funcionamento e saber utilizar as enzimas que se empregan para manipular o DNA	CE1 CE2 CE5
Coñecer o funcionamento e saber utilizar a reacción en cadea da polimerasa (PCR).	CE1 CE2 CE3 CE5
Coñecer o funcionamento e saber utilizar os distintos vectores de clonación e expresión.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5
Coñecer o funcionamento e saber utilizar as técnicas de mutaxénesis do DNA.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5

Contidos	
Tema	
1. Bases da xenética molecular e da enxeñería xenética.	(*)(*)
2. Ferramentas da enxeñería xenética e técnicas básicas para a análise dos xenes a nivel molecular.	(*)(*)
3. A reacción en cadea da polimerasa (PCR) e as súas aplicacións.	(*)(*)
4. Clonación e construción de xenotecas.	(*)(*)
5. Expresión de xenes en células procariotas e eucariotas.	(*)(*)
6. Modificación xénica de animais: animais transxénicos e clónicos.	(*)(*)
7. Plantas transxénicas: obtención e aplicacións.	(*)(*)
8. Enxeñería de proteínas. Evolución dirixida de proteínas..	(*)(*)

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	12	12	24
Sesión maxistral	22	44	66
Probas de tipo test	2	8	10
Outras	0	1	1
Informes/memorias de prácticas	0	11.5	11.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Prácticas de laboratorio	O alumno levará a cabo a clonación, por PCR, dun ORF codificante dunha enzima e, a continuación, realizará a expresión da proteína produto nun sistema bacteriano. Finalmente, realizásese unha valoración da actividade enzimática da proteína recombinante.
Sesión maxistral	Explicaranse os conceptos fundamentais dos contidos da materia. Formularanse, discutirán e resolverán cuestións, exercicios ou problemas relativos á materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Preténdese que toda a actividade docente sexa participativa. Procurarase que, durante as sesións prácticas, cada alumno reciba unha atención individualizada. Contémplase a posibilidade de realizar unha titoría personalizada con anterioridade á celebración da proba obxectiva.
Sesión maxistral	Preténdese que toda a actividade docente sexa participativa. Procurarase que, durante as sesións prácticas, cada alumno reciba unha atención individualizada. Contémplase a posibilidade de realizar unha titoría personalizada con anterioridade á celebración da proba obxectiva.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas de laboratorio	Presentación dunha memoria de prácticas.	30	CE3 CE4 CT5 CT10 CT11 CT15
Sesión maxistral	Proba obxectiva á finalización do período docente	50	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT11 CT13
Outras	Seguimento do traballo do alumno. Valorarase a implicación do alumno e o seu comportamento nas diversas actividades programadas	20	CT1 CT2 CT13 CT15

Outros comentarios e avaliación de Xullo

Do mesmo xeito que o resto das materias do Máster, a avaliación realizarase de maneira continua durante as semanas asignadas á docencia presencial. En caso de realizar un exame final, a proba obxectiva celebrarase o 4/10/2017 de 15 a 16 h, na súa primeira oportunidade, e o 22/6/2018 de 16 a 17 h, en segunda oportunidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Nicholl DST, An introduction to genetic engineering, 3a ed, Cambridge University Press, 2008,

Smith JE, Biotechnology, 5a ed, Cambridge University Press, 2009,
Renneberg R, Biotecnología para principiantes, Reverté, 2008,
Brown TA, Gene cloning and DNA analysis, 6a ed, Blackwell, 2010,
Perera J, Tormo A, García JL, Ingeniería genética, vols I y II, Ed. Pirámide, 2002,
Izquierdo Rojo M, Curso de genética molecular e ingeniería genética, Ed. Pirámide, 2014,
Watson JD, Baker TA, Bell SP, Gann A, Levine M, Losick R, Biología molecular del gen, 5ª Ed., Médica Panamericana, 2005,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Aspectos Legais e Éticos en Biotecnoloxía/V02M074V01203
Auditoría de Empresas Biotecnolóxicas/V02M074V01202
Organización e Xestión: Xestión Empresarial e Xestión Eficaz do Laboratorio/V02M074V01201

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Bioinformática/V02M074V01104
Biotecnoloxía Industrial/V02M074V01105
Xenómica e Proteómica/V02M074V01103
Enxeñaría Celular e Tisular/V02M074V01102
Procesos e Produtos Biotecnolóxicos/V02M074V01106
Técnicas de Aplicación en Biotecnoloxía/V02M074V01107

Outros comentarios

É aconsellable que os alumnos teñan coñecemento de inglés a nivel de compresión de textos, xa que parte das fontes de información que consultarán están publicadas nesta lingua.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Enxeñaría Celular e Tisular				
Materia	Enxeñaría Celular e Tisular			
Código	V02M074V01102			
Titulacion	Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Bioloxía vexetal e ciencias do solo Dpto. Externo			
Coordinador/a	Barreal Modroño, M. Esther Arufe Gonda, María del Carmen			
Profesorado	Arufe Gonda, María del Carmen Barreal Modroño, M. Esther Bernal Pita da Veiga, Angeles Díaz Prado, Silvia María Prado López, Sonia			
Correo-e	maria.arufe@udc.es edesther@uvigo.es			
Web	http://http://masterbiotecnologiaavanzada.com/index.php/plan-docente/materias			
Descrición xeral	A enxeñería celular e tisular constitúe unha área emerxente na citoloxía e histoloxía humana dos nosos días. Xorde como resultado da progresiva aplicación biotecnolóxica das células vexetais e animais, así como dos novos tecidos construídos a partir de coñecemento derivado do desenvolvemento embrionario, dos novos modelos desenvolvidos in vitro, e da unión de ambos os tipos de aproximacións. Trátase dunha área en expansión que asentada nos coñecementos básicos da citología e histología ten por obxectivo cultivar, conservar, caracterizar e modificar células vexetais e/ou animais e construír tecidos novos, funcionalmente activos, a partir de células procedentes de cultivos desenvolvidos previamente e de biomateriais de distinta natureza que serven como soporte ou andamiaxe.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.	- saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.	- saber facer
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	- saber - saber facer
CB4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.	- Saber estar / ser
CE1	CEC1.- Saber buscar e analizar a biodiversidade de microorganismos, plantas e animais, así como seleccionar os de maior interese biotecnolóxica (aplicada).	- saber - saber facer
CE2	CEC2.- Ter unha visión integrada do metabolismo e do control da expresión xénica para poder abordar a súa manipulación.	- saber
CE3	CEC3.- Coñecer as aplicacións biotecnolóxicas dos microorganismos, plantas e animais e saber manipulalos de cara á súa aplicación biotecnolóxica.	- saber - saber facer
CE4	CEC4.- Coñecer e saber usar as técnicas de cultivo e a enxeñaría celular.	- saber - saber facer
CE5	CEC5.- Coñecer os principios da xenómica e a proteómica.	- saber

CT1	CGI1.- Capacidade de análise e síntese (localización de problemas e identificación das causas e a súa tipoloxía).	- saber facer
CT2	CGI2.- Capacidade de organización e planificación de todos os recursos (humanos, materiais, información e infraestruturas).	- saber facer
CT3	CGI3.- Capacidade de xestión da información (con apoio das tecnoloxías da información e as comunicacións).	- saber facer
CT4	CGI4.- Capacidade de planificación e elaboración de estudos técnicos en biotecnoloxía microbiana, vexetal e animal.	- saber facer
CT5	CGI5.- Capacidade para identificar problemas, buscar solucións e aplicalas nun contexto biotecnolóxico profesional ou de investigación.	- saber facer
CT10	CGIP2.- Capacidade de traballo nun contexto de sustentabilidade, caracterizado por: sensibilidade polo medio ambiente e polos diferentes organismos que o integran, así como concienciación polo desenvolvemento sostible.	- Saber estar / ser
CT11	CGIP3.- Razoamento crítico e respecto profundo pola ética e a integridade intelectual.	- Saber estar / ser
CT13	CGS2.- Aprendizaxe autónoma.	- Saber estar / ser
CT15	CGS4.- Sensibilización cara á calidade, o respecto ambiental, o consumo responsable de recursos e a recuperación de residuos.	- Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificar a biodiversidade de microorganismos, plantas e animais así como seleccionar os de maior interese biotecnolóxgico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE3 CT1 CT3 CT15
Comprender a integración do metabolismo e a regulación da expresión génica con obxecto de abordar a súa manipulación.	CB2 CB3 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1 CT3 CT5
Aplicar en biotecnoloxía as técnicas de cultivo e de enxeñería celular. Manexar e aplicar os protocolos de técnicas celulares e moleculares	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE3 CE4 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT13

Comprender as bases da xenómica e a proteómica para a súa aplicación no ámbito da biotecnoloxía. Coñecer as aplicacións das distintas técnicas	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE3 CE4 CE5 CT4 CT5 CT10 CT11 CT13

Contidos	
Tema	
Introducción o cultivo celular animal. Xeneralidades sobre as técnicas de cultivo celular.	Introducción o cultivo celular animal. Métodos de aixamiento de células a partir de sangue o tecidos. Traballar en esterilidade. Xeneralidades sobre as técnicas de cultivo celular.
Métodos de conservación e caracterización de cultivos celulares.	Métodos de cultivo, de crecemento, de diferenciación y de conxelación. Métodos de caracterización de cultivos celulares
Análise e fenotipado das células.	Análise histomorfológico das células. Fenotipado por inmunohistoquímica. Fenotipado por Citometría de fluxo
Introducción na inxeniería tisular: concepto e perspectivas.	Introducción na inxeniería tisular. Soportes e biomaterias. Aplicacions clínicas. Perspectivas terapéuticas
Cultivos celulares vexetais	Cultivos in vitro do material vexetal. Metodoloxía básica. Cultivos células . Rexeneración de planta

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	14	28	42
Estudos/actividades previos	1	2	3
Prácticas de laboratorio	9	9	18
Probas de tipo test	2	10	12
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Clase teórica participativa, favorecendo o intercambio de opinións, o debate e a resposta das preguntas formuladas polo alumnado
Estudos/actividades previos	Lectura duns artigos científicos relevantes e relacionados coa materia impartida
Prácticas de laboratorio	Desenvólvense técnicas de uso actual en investigación biomédica, que complementan os coñecementos impartidos na sesión maxistral.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As prácticas de laboratorio son tuteladas en todo momento polo profesorado e, se é necesario, polo grupo de investigación no que se integra o alumno.
Sesión maxistral	Ó tratarse dun grupo reducido de alumnos, é posible a resolución de dúbidas e o seguimento individualizado durante o mesmo proceso de aprendizaxe. En particular, a sesión maxistral é participativa, favorecendo o intercambio de opinións, o debate e a resposta das preguntas formuladas.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Prácticas de laboratorio	Desenvólvense técnicas de uso actual en investigación biomédica, que complementan os coñecementos impartidos na sesión maxistral. Entregarase unha memoria de prácticas solucionando as cuestións plantexadas	50	CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE3 CE4 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10
Probas de tipo test	Exame tipo test, no que cada pregunta consiste en 4 afirmacións das que só unha é correcta.	50	CB1 CB2 CB3 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT10 CT11 CT13 CT15

Outros comentarios e avaliación de Xullo

Para aprobar a materia, hai que obter globalmente un mínimo de 5 sobre 10 e, en cada metodoloxía avaliada, un mínimo de 2,5 sobre 5. O exame tipo test celebrarase o 9 xaneiro do 2018 (15-16 h) na primeira oportunidade e o 22 xuño do 2018 (17-18 h), na segunda.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Freshney R.I., Culture of animal cells. A manual of Basic Research., 7ª, Wiley-Liss and sons. Inc. Publications, 2016, New York

Benítez Burraco, A., Avances recientes en Biotecnología vegetal e ingeniería genética de plantas., Reverté, 2005,

Loyola-Vargas, V.M., Vázquez-Flota, F., Plant cell culture protocols, 2ª, Humana Press, 2006,

Trigiano, R.N., Gray, D.J., Plant development and biotechnology, CRC Press, 2004,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Biotecnoloxía Animal/V02M074V01206
Biotecnoloxía Vexetal/V02M074V01217

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enxeñaría Xenética e Transxénese/V02M074V01101

Outros comentarios

Dado que parte da bibliografía recomendada para esta materia atópase en inglés, é aconsellable ter coñecementos desta lingua, polo menos, a nivel de comprensión de textos escritos.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xenómica e Proteómica				
Materia	Xenómica e Proteómica			
Código	V02M074V01103			
Titulacion	Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Bioquímica, xenética e inmunoloxía Dpto. Externo			
Coordinador/a	Pérez Diz, Ángel Eduardo Lamas Maceiras, Mónica			
Profesorado	Lamas Maceiras, Mónica López de Ullibarri Galparsoro, Ignacio López Pérez Diz, Ángel Eduardo			
Correo-e	angel.p.diz@uvigo.es mlamas@udc.es			
Web	http://http://masterbiotecnologiaavanzada.com/index.php/plan-docente/materias			
Descrición xeral	Comprender as bases da xenómica e a proteómica de face á súa aplicación no ámbito da biotecnoloxía			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CE1	CEC1.- Saber buscar e analizar a biodiversidade de microorganismos, plantas e animais, así como seleccionar os de maior interese biotecnolóxica (aplicada).	- saber - saber facer
CE2	CEC2.- Ter unha visión integrada do metabolismo e do control da expresión xénica para poder abordar a súa manipulación.	- saber - saber facer
CE3	CEC3.- Coñecer as aplicacións biotecnolóxicas dos microorganismos, plantas e animais e saber manipulalos de cara á súa aplicación biotecnolóxica.	- saber - saber facer
CE4	CEC4.- Coñecer e saber usar as técnicas de cultivo e a enxeñaría celular.	- saber - saber facer
CE5	CEC5.- Coñecer os principios da xenómica e a proteómica.	- saber - saber facer
CT1	CGI1.- Capacidade de análise e síntese (localización de problemas e identificación das causas e a súa tipoloxía).	- saber - saber facer
CT2	CGI2.- Capacidade de organización e planificación de todos os recursos (humanos, materiais, información e infraestruturas).	- saber - saber facer - Saber estar / ser

CT3	CGI3.- Capacidade de xestión da información (con apoio das tecnoloxías da información e as comunicacións).	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CT4	CGI4.- Capacidade de planificación e elaboración de estudos técnicos en biotecnoloxía microbiana, vexetal e animal.	- saber - saber facer
CT5	CGI5.- Capacidade para identificar problemas, buscar solucións e aplicalas nun contexto biotecnolóxico profesional ou de investigación.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CT10	CGIP2.- Capacidade de traballo nun contexto de sustentabilidade, caracterizado por: sensibilidade polo medio ambiente e polos diferentes organismos que o integran, así como concienciación polo desenvolvemento sostible.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CT11	CGIP3.- Razoamento crítico e respecto profundo pola ética e a integridade intelectual.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CT12	CGS1.- Adaptación a novas situacións legais ou novidades tecnolóxicas, así como a excepcionalidades asociadas a situacións de urxencia.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CT13	CGS2.- Aprendizaxe autónoma.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CT15	CGS4.- Sensibilización cara á calidade, o respecto ambiental, o consumo responsable de recursos e a recuperación de residuos.	- saber - saber facer - Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificar a biodiversidade de microorganismos, plantas e animais así como seleccionar os de maior interese biotecnolóxico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15
Comprender a integración do metabolismo e a regulación da expresión xénica con obxecto de abordar a súa manipulación.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15

Identificar as aplicacións biotecnolóxicas dos microorganismos, plantas e animais e saber manipulalos de face á súa utilidade no sector biotecnolóxico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15
Aplicar en biotecnoloxía as técnicas de cultivo e de enxeñaría celular.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15
Comprender as bases da xenómica e a proteómica de face á súa aplicación no ámbito da biotecnoloxía.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15

Contidos
Tema

Bloque 1: Xenómica	Tema 1. Introdución á xenómica: bases, conceptos e técnicas. Tema 2. Proxectos xenoma. Tema 3. Transcriptómica: Microarrays e Microchips: Microrrays de ADN (metodoloxía, tipos de plataformas, deseño experimental, análise de datos). Tema 4. Xenómica estrutural e funcional.
Bloque 2: Proteómica	Tema 1. Introdución á proteómica: bases e conceptos. Tema 2: Métodos e técnicas en proteómica: extracción, cuantificación, separación e identificación de proteínas. Electroforesis bidimensional e espectrometría de masas. Tema 3: Proteómica cuantitativa, modificacións postraduccionales e interacción de proteínas. Tema 4: Proteogenómica. Tema 5: Aplicacións da proteómica no campo da biotecnoloxía.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	25	50	75
Prácticas de laboratorio	12.5	12.5	25
Traballos tutelados	2	4.5	6.5
Probas de resposta curta	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Prácticas de laboratorio	Clases prácticas no laboratorio e/ou aula de informática, co obxectivo de resolver problemas e casos prácticos.
Traballos tutelados	Traballos e/ou resolución de cuestionarios relacionados con algún aspecto da materia. Realizarase de maneira individual ou en grupo baixo a orientación do profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Tutorías personalizadas centradas na orientación para a realización de traballos ou resolución de dúbidas sobre os contidos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballos tutelados	Redacción de traballos e/ou resolución de problemas	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE5 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15

Probas de resposta curta	Consistirá nun exámen con cuestións nas que o alumno terá que aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos na materia	60	CB1 CB2 CB3 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CT1

Outros comentarios e avaliación de Xullo

O 50% da nota corresponderá á parte de xenómica e o outro 50% á de proteómica.

Os estudantes realizarán dous traballos tutelados supervisados, un sobre xenómica e outro sobre proteómica, que supoñerán
cada un deles o 20% da nota final. Calquera tipo de copia literal de fragmentos doutros traballos xa publicados que sexa detectada en calquera dos traballos que presente o alumno (plaxio) supoñerá automaticamente obter un suspenso nesta materia.

Á hora de conceder matrículas de honra, darase prioridade aos estudantes que consigan a cualificación máis alta na primeira oportunidade.

As probas de resposta curta celebraranse na 1ª oportunidade o 5-dic-2017 (15:00 h) e o 25-xun-2017 (16:00 h) na 2ª.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

A. Manz, P.S. Dittrich, N. Pamme, D. Iossifidis, Bioanalytical Chemistry, 2, Imperial College Press, 2015,

D. Voet, J. Voet, C.W. Pratt, Fundamentos de Bioquímica, 2, Panamericana, 2007,

L. Hartwell, M. Goldberg, J.A Fischer, L. Hood, C.F. Aquadro, Genetics: From Genes to Genomes, 5, McGraw-Hill Education, 2014,

R.M. Twyman, Principles of Proteomics, 2, Garland Science, 2013,

F. Corrales, J.J. Calvete, Manual de Proteómica, 1, Sociedad Española de Proteómica, 2014,

W.J.Thieman, M.A. Palladino, Introducción a la biotecnología, 1, Addison Wesley, 2010,

Bibliografía Complementaria

N. Saraswathy, P. Ramalingam, Concepts and Techniques in Genomics and Proteomics, Woodhead Publishing Series in Biomedicine, 2016,

T. Speed, Statistical Analysis of Gene Expression Microarray Data, 1, Chapman and Hall/CRC, 2003,

A. Herráez, Texto ilustrado e interactivo de Biología Molecular e Ingeniería Genética + StudentConsult en español, 2, Elsevier, 2012,

C.M. García Miranda, Perspectiva etica y juridica del proyecto genoma humano, 1, Universidade da Coruña, 1997,

R. Gentleman, V.J. Carey, W. Huber, R.A. Irizarry, S. Dudoit, Bioinformatics and Computational Biology Solutions Using R and Bioconductor, 1, Springer, 2005,

http://genomebiology.com/2004/5/10/R80,

http://www.bioconductor.org,

http://www.r-project.org,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Bioinformática/V02M074V01104

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enxeñaría Celular e Tisular/V02M074V01102
Enxeñaría Xenética e Transxénese/V02M074V01101
Técnicas de Aplicación en Biotecnoloxía/V02M074V01107

Outros comentarios

Dado que parte da bibliografía recomendada para esta materia así como algunhas diapositivas con material de clases maxistrais e prácticas que se facilitarán ao alumno atópanse en inglés, é recomendable ter coñecementos desta lingua, polo menos, a nivel de comprensión de textos escritos.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Bioinformática				
Materia	Bioinformática			
Código	V02M074V01104			
Titulacion	Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Bioquímica, xenética e inmunoloxía Dpto. Externo			
Coordinador/a	Dorado de la Calle, Julián Canchaya Sanchez, Carlos Alberto			
Profesorado	Arenas Busto, Miguel Becerra Fernández, Manuel Canchaya Sanchez, Carlos Alberto Dorado de la Calle, Julián Rodríguez Torres, Ana María			
Correo-e	julian@udc.es canchaya@uvigo.es			
Web	http://http://masterbiotecnologiaavanzada.com/index.php/plan-docente/materias			
Descrición xeral	A realización de experimentos en bioloxía xera cada vez un maior número de datos. A xestión e análise destes datos sería xa imposible sen a utilización de ferramentas informáticas dentro da disciplina da bioinformática. Na bioinformática mestúranse coñecementos e técnicas da informática e as matemáticas aplicadas ás ciencias da vida, en especial a bioloxía. Dentro da bioinformática estúdase a codificación de datos e o seu almacenamento en bases de datos. A dispoñibilidade e o acceso a bases de datos e a aplicación de distintos algoritmos de procesado de datos. Nesta materia verase a aplicación da bioinformática a distintos ámbitos da bioloxía molecular desde a análise de secuencias ao estudo da estrutura de proteínas e ácidos nucleicos.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE3	CEC3.- Coñecer as aplicacións biotecnolóxicas dos microorganismos, plantas e animais e saber manipulalos de cara á súa aplicación biotecnolóxica.	- saber - saber facer
CE7	CEC7.- Saber buscar, obter e interpretar a información das bases de datos biolóxicas: xenómicas proteómicas, transcriptómicas e metabolómicas e utilizar as ferramentas básicas da bioinformática.	- saber - saber facer
CT1	CGI1.- Capacidade de análise e síntese (localización de problemas e identificación das causas e a súa tipoloxía).	- saber - saber facer
CT2	CGI2.- Capacidade de organización e planificación de todos os recursos (humanos, materiais, información e infraestruturas).	- saber - saber facer
CT3	CGI3.- Capacidade de xestión da información (con apoio das tecnoloxías da información e as comunicacións).	- saber - saber facer
CT4	CGI4.- Capacidade de planificación e elaboración de estudos técnicos en biotecnoloxía microbiana, vexetal e animal.	- saber - saber facer
CT5	CGI5.- Capacidade para identificar problemas, buscar solucións e aplicalas nun contexto biotecnolóxico profesional ou de investigación.	- saber - saber facer
CT10	CGIP2.- Capacidade de traballo nun contexto de sustentabilidade, caracterizado por: sensibilidade polo medio ambiente e polos diferentes organismos que o integran, así como concienciación polo desenvolvemento sostible.	- saber - saber facer
CT11	CGIP3.- Razoamento crítico e respecto profundo pola ética e a integridade intelectual.	- saber - saber facer
CT12	CGS1.- Adaptación a novas situacións legais ou novidades tecnolóxicas, así como a excepcionalidades asociadas a situacións de urxencia.	- saber - saber facer
CT13	CGS2.- Aprendizaxe autónoma.	- saber - saber facer
CT15	CGS4.- Sensibilización cara á calidade, o respecto ambiental, o consumo responsable de recursos e a recuperación de residuos.	- saber - saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificar as aplicacións biotecnolóxicas dos microorganismos, plantas e animais e saber manipulalos para a súa utilidade no sector biotecnolóxico	CE3 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15
Utilizar as bases de datos biolóxicas para a obtención, análise e interpretación da información	CE7 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15

Contidos	
Tema	
Introdución á Bioinformática. Unix	Introdución aos Sistemas Operativos. Comandos básicos. Sistema de arquivos. Xestión de arquivos e directorios. Outros comandos.
Evolución molecular	Homoloxía molecular: substitución, inserción e deleción. Aliñamento múltiple. Modelos de substitución nucleotídica e aminoacídica. Selección de modelos. Métodos filoxenéticos. Reconstrución de máxima verosimilitud. Erro e confianza filoxenética.
Análisis xenómico	Procuras en bases de datos: BLAST. Proxectos xenoma. Xenómica Estrutural. Secuenciación. Predición xénica. Anotación Funcional. Xenómica Comparativa.
Bioloxía estructural I	Visualización de macromoléculas biolóxicas. Predición de características 1 D de proteínas: secuencias, dominios. Estrutura tridimensional de proteínas. Predición de estrutura 3D de proteínas: modelado por homoloxía e modelado mediante threading ou deseño por homoloxía remota. Métodos ab initio. Docking molecular: Predición de interaccións proteína-substrato e proteína-proteína. Avaliación dos métodos de predición.
Bioloxía estructural II	Estrutura de RNA. Predición de estruturas de RNA. Bases de datos e servidores de programas de análises de: secuencias, motivos estruturais e estruturas funcionais.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	11	5.5	16.5
Prácticas en aulas de informática	11	16.5	27.5
Foros de discusión	0	1	1
Titoría en grupo	2	0	2
Probas de tipo test	2	12	14
Informes/memorias de prácticas	0	14	14
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Clases de presentación de contidos, de exercicios y de discusión

Prácticas en aulas de informática	Exercicios no ordenador
Foros de discusión	Discusión online
Titoría en grupo	Atención personalizada a alumnos

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Responderase as cuestións particulares de cada alumno
Prácticas en aulas de informática	Responderase as cuestións particulares de cada alumno
Foros de discusión	Responderase as cuestións particulares de cada alumno
Titoría en grupo	Responderase as cuestións particulares de cada alumno
Probas	Descrición
Probas de tipo test	Responderase as cuestións particulares de cada alumno
Informes/memorias de prácticas	Responderase as cuestións particulares de cada alumno

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Probas de tipo test	Realizarase unha proba tipo test para avaliar os coñecementos adquiridos durante a realización das clases maxistrais e as prácticas en computador	25	CE3 CE7 CT1 CT5 CT13
Informes/memorias de prácticas	Avaliarase o resumo/informe razoado/memoria sobre os exercicios prácticos no computador realizados en clase. O resumo/informe/memoria deberase entregar nas 24 horas seguintes á clase. Cada informe suporá o 15% da cualificación. Haberá que realizar un informe por cada unha das sesións, en total 5 informes o que supón o 75% da nota.	75	CE3 CE7 CT2 CT3 CT4 CT5 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15

Outros comentarios e avaliación de Xullo

O exame final da primeira oportunidade realizarase o 19 de decembro de 2017 de 15:00 a 16:00 na aula de docencia. O exame da segunda oportunidade terá lugar o 25 de Xuño de 2018 de 17:00 a 18:00 na aula de docencia. Para presentarse ao exame da segunda oportunidade será necesario entregar os 5 informes previamente. Terán prioridade para obter MH aqueles alumnos que se avalíen na primeira oportunidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Arthur M. Lesk, Introduction to Bioinformatics, 4ª, Oxford University Press, 2013, Oxford, England

David W. Mount, Bioinformatics. Sequence and genome analysis, 2ª, 2004,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xenómica e Proteómica/V02M074V01103

Outros comentarios

Dado que parte da bibliografía recomendada para esta materia atópase en inglés, é aconsellable ter coñecementos desta lingua, polo menos, a nivel de comprensión de textos escritos.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Biotecnoloxía Industrial				
Materia	Biotecnoloxía Industrial			
Código	V02M074V01105			
Titulacion	Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde Dpto. Externo Enxeñaría química Química inorgánica			
Coordinador/a	Pazos Curras, Marta María Veiga Barbazán, Mª del Carmen			
Profesorado	Cerdán Villanueva, María Esperanza Deive Herva, Francisco Javier González Siso, María Isabel Longo González, María Asunción Moldes Moreira, Diego Pazos Curras, Marta María Rodríguez Arguelles, María Carmen Sanroman Braga, María Ángeles Sieiro Vázquez, Carmen Veiga Barbazán, Mª del Carmen			
Correo-e	veiga@udc.es mcurras@uvigo.es			
Web	http://http://masterbiotecnologiaavanzada.com/index.php/plan-docente/materias			
Descrición xeral	Proporcionar unha visión de síntese dalgúns procesos da Industria Biotecnolóxica, poñendo de manifesto a importancia do cambio de escala e os problemas existentes con respecto ao medio ambiente, a enerxía e os recursos naturais			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.	- saber
CB4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.	- saber
CE8	CEC8.- Coñecer as bases do deseño e funcionamento dun biorreactor.	- saber
CE9	CEC9.- Saber deseñar e executar un protocolo completo de purificación dunha molécula, orgánulo ou fracción celular.	- saber
CE10	CEC10.- Saber realizar o deseño, planificación, avaliación e optimización de sistemas de produción biotecnolóxicos.	- saber
CE11	CEC11.- Deseñar e xestionar proxectos de base biotecnolóxica.	- saber
CT1	CGI1.- Capacidade de análise e síntese (localización de problemas e identificación das causas e a súa tipoloxía).	- saber
CT2	CGI2.- Capacidade de organización e planificación de todos os recursos (humanos, materiais, información e infraestruturas).	- saber
CT3	CGI3.- Capacidade de xestión da información (con apoio das tecnoloxías da información e as comunicacións).	- saber
CT4	CGI4.- Capacidade de planificación e elaboración de estudos técnicos en biotecnoloxía microbiana, vexetal e animal.	- saber
CT5	CGI5.- Capacidade para identificar problemas, buscar solucións e aplicalas nun contexto biotecnolóxico profesional ou de investigación.	- saber
CT6	CGI6.- Capacidade de comunicación oral e escrita dos plans e decisións tomadas.	- saber

CT7	CGI7.- Capacidade para formular xuízos sobre a problemática ética e social, actual e futura, que expón a biotecnoloxía.	- saber
CT9	CGIP1.- Capacidade de traballo en equipo multidepartamental dentro da empresa.	- saber
CT10	CGIP2.- Capacidade de traballo nun contexto de sustentabilidade, caracterizado por: sensibilidade polo medio ambiente e polos diferentes organismos que o integran, así como concienciación polo desenvolvemento sostible.	- saber
CT11	CGIP3.- Razoamento crítico e respecto profundo pola ética e a integridade intelectual.	- saber
CT12	CGS1.- Adaptación a novas situacións legais ou novidades tecnolóxicas, así como a excepcionalidades asociadas a situacións de urxencia.	- saber
CT13	CGS2.- Aprendizaxe autónoma.	- saber
CT14	CGS3.- Liderado e capacidade de coordinación.	- saber
CT15	CGS4.- Sensibilización cara á calidade, o respecto ambiental, o consumo responsable de recursos e a recuperación de residuos.	- saber

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Deducir as bases do deseño e funcionamento dun biorreactor utilizando balances de materia e enerxía en réxime estacionario e non estacionario	CB2 CE8 CT1 CT13
Deseñar e executar un protocolo completo de purificación de produtos de interese biotecnolóxico	CB2 CE9 CT2 CT4 CT5 CT6 CT7 CT9 CT10 CT11 CT12 CT14 CT15
Deseñar, planificar, optimizar e avaliar sistemas de produción biotecnolóxicos.	CB2 CE10 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15

Analizar e deseñar procesos biotecnolóxicos e operacións asociadas	CB2 CB4 CE11 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15

Contidos	
Tema	
MICROBIOLOXÍA	Introducción a microbioloxía Bacterias Levaduras Hongos Extremófilos
BIOTRANSFORMACIONES	Tecnoloxía microbiana Biotransformación a nivel industrial Caso práctico
BIOCATÁLISIS	Tecnoloxía enzimática Biocatálisis en medios non convencionais Catálisis avanzada
BIORREACTORES	Biorreactores ideais Biorreactores reais de aplicación industrial Biorreactores reais de aplicación ambiental
ESTERILIZACIÓN	Esterilización por calor Esterilización por filtración Esterilización por radiación
SEPARACIÓN E PURIFICACIÓN PRODUCTO	Equipos. Disrupción celular, Separación de restos celulares: Filtración, Floculación, Sedimentación e Centrifugación. Separación primaria o concentración: Extracción e Absorción Operacións de purificación do produto: Precipitación, Cromatografía, Operacións de membrana, Cristalización e Desecación
CASO PRÁCTICO	Deseño de un bioproceso a nivel industrial

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	32	32	64
Traballos tutelados	2	38	40
Saídas de estudo/prácticas de campo	3	4.5	7.5
Prácticas de laboratorio	3	0	3
Probas de resposta curta	2	13.5	15.5
Informes/memorias de prácticas	0	12	12
Traballos e proxectos	0	8	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante

Traballos tutelados	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Realización de visitas de formación en empresas, institucións... del sector A presenza do/a docente é necesaria durante a execución da actividade
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios científico-técnicos, de idiomas, etc).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Realizarase seminarios de seguimiento para coñecer as dúbidas dos grupo/alumnos respecto o traballo a desenvolver

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Sesión maxistral	Proba de resposta curta na que se avaliará os coñecementos adquiridos	50	CB2 CE8 CT1 CT5 CT13
Prácticas de laboratorio	Avaliarase a asistencia e aproveitamento das prácticas	20	CB2 CB4 CT2 CT5 CT6 CT9 CT13 CT14 CT15
Traballos tutelados	Avaliarase a calidade da memoria, a exposición oral e a defensa dos traballos	30	CB2 CB4 CE9 CE10 CE11 CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15

Outros comentarios e avaliación de Xullo

Do mesmo xeito que o resto das materias do Máster, a avaliación realizarase de maneira continua durante as semanas asignadas á docencia presencial.
As probas de resposta curta celebraranse na 1ª oportunidade o 14-nov-2017 (15-16 h) e o 26-xuñ-2018 (16-17 h) na 2ª.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Dilip K. Arora et al, Handbook of fungal biotechnology, Marcel Dekker, 2004,
Graeme M. Walker, Yeast physiology and biotechnology, John Wiley Sons, 1998,
W. Aehle, Enzymes in industry: production and applications, Wiley VCH, 2004,
B. Atkinson et al, Biochemical Engineering and Biotechnology Handbook, The McMillan Press, 1991,
F. Gòdia et al, Ingeniería Bioquímica, Síntesis, 1998,
J. E. Bu'Lock et al, Biotecnología Básica, Acribia, 1991,
A. Illanes, Enzyme Biocatalysis. Principles and Applications, Springer, 2008,
Koki Horikoshi, Extremophiles Handbook., Springer, 2011,
Bibliografía Complementaria
G. Antranikian, Extremophiles, Publisher Springer
H.J. Rehm et al, Biotechnology a multi-volume comprehensive treatise, VCH, 1991,
A. Wiseman, Handbook of enzyme biotechnology, Halsted Press, 1995,
H.W Blanch et al, Biochemical Engineering, Marcel Dekker, 1997,

Recomendacións
Materias que continúan o temario
Procesos e Produtos Biotecnolóxicos/V02M074V01106

Outros comentarios

É aconsellable que os alumnos teñan coñecemento de inglés a nivel de compresión de textos, xa que parte das fontes de información que consultarán están publicadas nesta lingua.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Procesos e Produtos Biotecnolóxicos				
Materia	Procesos e Produtos Biotecnolóxicos			
Código	V02M074V01106			
Titulacion	Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Dpto. Externo Enxeñaría química			
Coordinador/a	Longo González, María Asunción Veiga Barbazán, Mª del Carmen			
Profesorado	Deive Herva, Francisco Javier Longo González, María Asunción Rosales Villanueva, Emilio Veiga Barbazán, Mª del Carmen			
Correo-e	veiga@udc.es mlongo@uvigo.es			
Web	http://http://masterbiotecnologiaavanzada.com/index.php/plan-docente/materias			
Descrición xeral	Conceptos básicos de análise e deseño de procesos biotecnolóxicos, con especial énfasis nos aspectos de integración e boas prácticas. Introducción á optimización, modelado e simulación de procesos biotecnolóxicos.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.	- saber facer
